



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL NARÓN

Bases que rexerán as convocatorias de concesión de subvencións a clubs e entidades deportivas de ámbito municipal

BASES que rexerán as convocatorias de concesión de subvencións a clubs e entidades deportivas de ámbito municipal.

En aplicación do previsto no artigo 17 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co fin de dar cumprimento aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como a eficacia en cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, conforme ao disposto nos artigos 8.3 e 5.2 das referidas Leis, o Concello de Narón, a través da Concellería de deportes, en consonancia co disposto na Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións e axudas públicas do Concello de Narón, establece as seguintes normas reguladoras da concesión de subvencións a clubs e entidades deportivas sen ánimo de lucro que desenvolvan ou realicen programas ou actividades na área de deportes.

Primeira.- Obxecto da subvención

Son obxecto de subvención as actuacións e programas dos clubs e entidades deportivas, debidamente rexistradas no Concello de Narón, desenvolvidas no termo municipal.

Segunda.- Liñas de actuación para os clubs e entidades deportivas desenvolvidas no ámbito municipal:

- Área deportiva:

a) Actividades ordinarias: Actividades deportivas desenvolvidas por clubs e entidades deportivas mediante a participación en competicións deportivas.

b) Actividades extraordinarias: Actividades deportivas organizadas con carácter singular ou extraordinario, complementando ou non as actividades desenvolvidas pola entidade organizadora.

Terceira.- Beneficiarios/as e requisitos.

Os/as destinatarios/as destas subvencións serán os clubs e entidades deportivas, sen ánimo de lucro, para actividades no ámbito municipal, que reunindo os requisitos xerais esixidos na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións e axudas públicas do Concello de Narón, cumpran os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no rexistro municipal de entidades deportivas do Concello de Narón cos datos actualizados no intre da convocatoria segundo o esixido no Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Narón, no momento de presentar a súa solicitude.

- Non contravir o regulado nos artigos 13 e 10 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, respectivamente.

- No caso de clubs e entidades deportivas que foran beneficiarias de subvencións ou axudas económicas concedidas en anos anteriores polo Concello de Narón, deberán telas debidamente xustificadas.

- Cumprir os requisitos da convocatoria.

Cuarta.- Forma, lugar, prazo, e documentación da presentación das solicitudes

O prazo para presentar a solicitude será de 30 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria correspondente.

As instancias presentaranse no Rexistro Xeral do Concello xunto cunha copia que será selada e servirá de comprobante, ou por calquera dos medios contemplados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, LRJ-PAC.

As solicitudes deberán entregarse, ademais de coa documentación esixida con carácter xeral no artigo 4 da Ordenanza reguladora da concesión de subvencións e axudas públicas do Concello de Narón, coa seguinte:

- Instancia segundo o modelo oficial (anexo I), asinada polo presidente/a do club ou entidade deportiva.

· Declaración xurada da persoa asinante da solicitude sinalando se solicitou doutro organismo algunha subvención para a realización dos mesmos programas e actividades, así como a data da solicitude, concepto e contía desta. Igualmente sinalarase cales foron concedidas e cales están pendentes de resolución.

· Non ter obrigas tributarias co Concello de Narón, nin Administración de Facenda ou Seguridade Social.

· Declaración xurada da persoa asinante da solicitude onde se sinale que cumpre todo o regulado nos artigos 14 e 11 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e 9/2007, de subvencións de Galicia, respectivamente.

No caso de documentos e informacións esixidos na convocatoria que estiveran en poder do Concello, os solicitantes poderán acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentadas, ou no seu caso, emitidos, e cando non teña transcorrido máis de cinco anos dende a finalización do procedemento ao que correspondan.

A presentación da solicitude de concesión polo interesado conlevará a autorización ao Concello para obter as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Consellería competente en materia de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, e o propio Concello. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón as certificacións nos termos esixidos nestas bases e na convocatoria, e previstos regulamentariamente.

Quinta.- Procedemento de concesión:

O procedemento de concesión destas subvencións iniciarase de oficio, e deberá incluír necesariamente os seguintes trámites:

· Convocatoria pública anual mediante acordo da Xunta de Goberno Local, axustada ao previsto no artigo 23.2 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no 20.2 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, e ao disposto no artigo 5 da Ordenanza municipal, que incluírá as bases específicas nas que se consignarán os créditos orzamentarios aos que se imputan as subvencións, e que incluírá, así mesmo, a fiscalización e aprobación do gasto correspondente.

· Publicación da convocatoria na prensa diaria, taboleiro de edictos da Corporación municipal, e páxina web do Concello indicando: o obxecto e finalidade; os requisitos para formular as solicitudes; a oficina municipal onde se poden obter as bases da convocatoria; e o lugar e prazo de presentación de solicitudes.

· Presentación das solicitudes, que deberán achegar a documentación á que se fai referencia na base cuarta.

· Recibidas as solicitudes dentro do prazo será examinada no Servizo de Deportes a documentación presentada.

· Instruírse o expediente e abrírase o prazo de emendas de deficiencias de acordo co disposto no artigo 6.2 da Ordenanza municipal, requiríndoselle por escrito ao solicitante para que repare os defectos observados no prazo máximo de dez días, quedando apercibido que de non facelo así, terase por desistido e arquivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ao previsto no artigo 71 da Lei 39/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común.

· Avaliadas as solicitudes polo servizo presentarase proposta informada ó Padroado de Deportes.

· O Padroado de Deportes emitirá un informe, que non terá carácter vinculante, expresando a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a súa contía, e os criterios de avaliación seguidos para efectual, que se elevará á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación.

· Resolución do órgano competente para a resolución do procedemento de concesión no prazo de tres meses desde que termine o prazo de presentación de solicitudes, que deberá ser notificada aos beneficiarios no prazo dun mes desde que se adopte o acordo. O silencio da Administración terá carácter desestimatorio.

· Aceptación por parte dos beneficiarios nun prazo de dez días desde a notificación da resolución. Transcorrido este prazo, sen que se producira manifestación algunha expresa entenderase tacitamente aceptada.

· Publicidade das subvencións concedidas, nos casos que proceda e, en todo caso, na páxina web e taboleiros de edictos do Concello.

Sexta.- Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.

Serán competentes para a instrución do procedemento de concesión de subvencións os concelleiros/as delegados/as en función da materia, os cales impulsarán de oficio a realización de cantas actuacións consideren necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se formulará a proposta de resolución.

A tramitación das solicitudes realizarase no Servizo de Deportes. Seguidamente levarán a cabo unha preavaliación na que se verificará o cumprimento das condicións impostas para a adquirir a condición de beneficiario da subvención, segundo o procedemento que se indica na cláusula quinta.

O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe do Padroado de Deportes, formulará unha proposta motivada á Xunta de Goberno Local, órgano competente para a resolución da concesión da subvención.

Sétima.- Criterios obxectivos de avaliación para o outorgamento:

Serán criterios obxectivos preferenciais para o outorgamento das subvencións a clubs e entidades deportivas municipais para o desenvolvemento de actuacións no termo municipal, os que se sinalan de seguido. A valoración e reparto da aplicación presupostaria recollida no Presuposto do Concello, do exercicio económico correspondente, destinados á concesión de subvención ás entidades deportivas, farase atendendo a catro apartados distintos que son os seguintes:

1.- PROMOCION DEPORTIVA: 50% en puntos

	CONCEPTO	Nº de puntos
*	Nº de deportistas:	
	- Senior	X 2
	- Base	X 10
*	Promoción do Asociacionismo Deportivo (sen ficha federativa):	
	- Menos de 20 socios	0.-
	- De 20 a 80 socios	10.-
	- De 80 a 140 socios	50.-
	- De 140 a 200 socios	100.-
	- Máis de 200 socios	200.-
*	Outros elementos deportivos:	
	- Por categoría deportiva	X 5
	- Por desenrolo de actividades deportivas	X 10
	- Por desprazamentos propios da actividade	X 50
*	Persoal que colaboura ou traballa coa entidade:	
	- Licenciado/a en Ciencias da Actividade Física e o Deporte / ou grao equivalente.	X 7
	- Diplomado/a en Educación Física - Mestre en Educación Física / ou grao equivalente.	X 5
	- Adestrador/a nacional o Técnico Superior en Actividades Deportivas (TAFAD)	X 4
	- Adestrador rexional en cada disciplina deportiva.	X 3
	- Monitor/a básico/a en cada disciplina deportiva	X 2
	- Outros	X 1
*	Nivel da competición (por equipos) e participacións:	
	- Local / Comarcal	X 2
	- Provincial	X 10
	- Comunidade Autónoma	X 20
*	Nivel da competición individual:	
	- Local / Comarcal	X 1
	- Provincial	X 3
	- Comunidade Autónoma	X 10
	- Estatal	X 20

2.- GASTOS FEDERATIVOS E OUTROS GASTOS DEPORTIVOS: 30 % en Euros

Neste apartado entran a valorarse os gastos referentes a:

- Inscripcións do clube
- Fichas e Mutualidades
- Gastos de aluguer en instalacións deportivas
- Gastos de arbitraje

3.- XESTIÓN E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS: 20% en puntos

Este apartado será valorado obxectivamente polo Xerente e o Coordinador Deportivo do Padroado de Deportes, podendo tomar un valor mínimo de "0" e un máximo de 10 puntos.

4.- CASOS EXCEPCIONAIS:

Unha vez feito o reconto total de puntos do apartado 1 (Promoción Deportiva) o Concello de Narón poderá ata multiplicar por 10 o total do valor, cando concurran casos excepcionais que o Padroado así o determine, tales como desprazamentos, propaganda, dificultade no nivel da competición, fases de ascenso, etc.

5.- ENTIDADES CON CONVENIO E OUTRAS AXUDAS.

Os Clubes e Entidades deportivas, que teñan asinado un convenio de colaboración co Concello de Narón en materia deportiva que implique unha aportación deste superior a 4000 €, así como as entidades acollidas ó Apartado 2 (Código 2.2 e 2.5), Apartado 5 (Código 5.1.1), Apartado 6 (Código 6.1.1) do Artigo 4 da Ordenanza Fiscal pola utilización das instalacións deportivas non terán dereito a obtención das axudas a que se refire o presente baremo.

6.- ACLARACIÓN OS PUNTOS DO BAREMO

O solicitante deberá cubrir os apartados seguintes:

Nº de deportistas: Indicarase o número de deportistas senior e deportistas base (englobará de biberóns a xuvenís), que posúan ficha federativa, ou documentación esixida en cada caso (deporte escolar). Acompañarase certificado da federación correspondente ou inscrición en deporte escolar á data de publicación da convocatoria.

Promoción de Asociacionismo deportivo: Indicarase mediante certificación do Secretario da entidade, co visto e prace do Presidente o número de socios que ten a entidade, que deberá coincidir co rexistrado no libro de socios do Club ou entidade deportiva. Non se poderán reflexar neste apartado os deportistas federados que xa se sinalaron no apartado anterior (Nº de deportistas).

Outros elementos deportivos:

- Por categoría deportiva: Indicarase o número de categorías deportivas que ten o Club. Acompañarase certificado da federación correspondente.

- Por desenrolo de actividades deportivas: Indicarase mediante unha pequena memoria a actividade deportiva que se realizará ó longo do ano.

- Por desprazamentos propios da actividade: Indicarase os desprazamentos dos equipos tanto a nivel local, comarcal, provincial ou da Comunidade Autónoma, como consecuencia da competición que realiza o club.

Persoal que colabora ou traballa coa entidade: Indicarase o número de persoas que colaboran ou traballan co club ou entidade deportiva sinalando a formación da que dispón segundo a relación que se sinala no impreso de solicitude. Deberá acompañarse copia da titulación de que dispón cada persoa que se relacione.

Nivel da competición (por equipos) e participacións: Indicarase o nivel da competición dos diferentes equipos dos que dispón o Club, tanto local, comarcal, provincial ou da Comunidade Autónoma.

Nivel da competición individual: Neste apartado indicarase soamente para os clubs ou entidades deportivas que nas diferentes categorías deportivas teñan competición a nivel individual. O Club ou entidade deportiva deberá sinalar o nivel de competición individual de cada un dos rapaces/zas na competición local, comarcal, provincial, Comunidade Autónoma ou Estatal.

Gastos federativos e outros gastos deportivos:

- Inscrición do Clube

- Fichas e Mutualidades

- Gastos de aluguer de instalacións deportivas: se terán en conta só aqueles gastos de aluguer correspondentes a locais ou pavillóns destinados a práctica deportiva. O gasto do aluguer deberá vir xustificado coa factura correspondente que deberá de incluír os apartados de concepto, base imponible IVE e retencións que corresponde, salvo que sexan taxas municipais.

- Gastos de arbitraje

Oitava.- Réxime de compatibilidade.

As subvencións concedidas serán compatibles con outras subvencións, axudas ou ingresos coa mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a totalidade das axudas non supere o custo dos obxectivos.

O beneficiario deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Novena.- Seguimento técnico, prazo e forma de xustificación das axudas e/ou subvencións polo beneficiario.

As entidades que reciban subvención están obrigadas a facilitar os datos que lle sexan solicitados polo Concello de Narón.

9.1. A xustificación axustarase ao disposto na Ordenanza municipal de aplicación.

A entidade asociativa subvencionada, para acreditar a execución do programa, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello, dentro do primeiro trimestre do ano natural seguinte ao da concesión da subvención, a seguinte documentación:

a) Memoria xustificativa e de gastos detallada da actividade realizada, con indicación das subvencións obtidas e os conceptos desta.

A memoria deberá conter:

· Actividades ou programas que se han realizar no ano natural obxecto da convocatoria, con expresión de calendario e lugar de execución.

· Obxectivos, ou resultados conseguidos, características, estrutura e metodoloxía da actuación ou programa.

· Número de beneficiarios.

· Declaración de recursos humanos relacionados coa actividade ou programa: profesionais asalariados, voluntariado, etc.

· Recursos materiais: descrición de instalacións e equipamento.

· Orzamento de execución ponderado e detallado con expresión do custo dos recursos humanos e materiais.

b) Certificación expedida polo secretario da entidade de execución do programa da mesma actividade para a que se solicita subvención realizada no ano anterior.

c) Liquidación económica da actividade xunto con facturas e comprobantes de pagamento, e demais documentos de valor probatorio con validez no tráfico xurídico ou con eficacia administrativa.

d) Un exemplar da documentación e propaganda escrita e gráfica relativa á actividade subvencionada, se procede. As medidas de difusión deberán adecuarse ao obxecto subvencionado, tanto na súa forma como na súa duración, podendo optarse por inclusión da imaxe institucional, lendas relativas ao financiamento do Concello, placas conmemorativas, materiais impresos ou medios electrónicos ou audiovisuais.

e) Consideraranse gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido; enténdese para estes efectos como gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nestas bases, e que non supere o 100% do custo da actividade subvencionada.

f) As facturas e recibos de pagamento deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Ser orixinais ou copias debidamente compulsadas, nas que os conceptos expresados nos xustificantes do gasto serán obrigatoriamente os que foran motivo da subvención.

2. O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.

3. Ter referencia de gastos xerados pola actividade obxecto da subvención. Deberán expresar con detalle os bens e servizos adquiridos.

4. Cumprir os requisitos técnicos esixidos polas leis e regulamentos que regulen as características da factura e o seu contido.

g) As facturas que reflectan o gasto axustaranse aos seguintes criterios:

1.- Gastos de xestión. Material de administración: fotocopias, papel, bolígrafos, material de informática, etc.

2.- Gastos de comunicacións: telefonía e Internet, correo, mensaxeiría, etc.

3.- Gastos de publicidade e difusión: imprenta, serigrafía, etc.

4.- Gastos de transporte: autocares, billetes de tren, avión, etc.

5.- Gastos de materiais consumibles específicos das actividades.

6.- Persoal profesional ou asistencia técnica contratada a empresas para desenvolver programas.

h.- Outros gastos relacionados coas actividades a determinar.

i.- "Cortesías colaboración", relacionadas co programa, a determinar:

· Placas

- Agasallos
- Cortesías gastronómicas.

j.- Outros gastos concernentes ou relacionadas co programa, sempre que sexan debidamente computadas na contabilidade xeral.

9.2.- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

Décima.- Obrigas dos beneficiarios:

Os perceptores das subvencións quedan obrigados a:

- Realizar o programa ou actividade obxecto da concesión da subvención.
- Cumprir cos requisitos establecidos nas bases.
- Asumir todas as responsabilidades que puidesen derivarse da realización do programa ou actividade.
- Aquelas outras contempladas no artigo 14 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Décimo primeira.- Causas de invalidez da resolución de concesión de subvencións e reintegro, e procedemento:

Son causas da resolución de concesión da subvención as contempladas no artigo 62.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, RJA-PAC, no artigo 36 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 32 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Son causas de anulabilidade da resolución de concesión as demais infraccións do ordenamento xurídico e, en especial, das regras contidas na normativa legal reguladora das subvencións.

A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación, a renuncia da beneficiaria, e nos demais supostos de incumprimento por parte da beneficiaria, levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas.

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e á esixencia do xuro de demora dende o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, na contía legalmente establecida, e coa tramitación previa do expediente, nos supostos referidos nos puntos anteriores, e nos seguintes:

a.- Incumprimento da obriga de xustificar no prazo e termos que se establecen. Se se realizase unha xustificación parcial do gasto reintegrarase a cantidade equivalente ao gasto que quedara sen xustificar.

b.- Obtención da subvención sen reunir os requisitos establecidos.

c.- Incumprimento da finalidade para a que a subvención foi outorgada.

d.- Incumprimento das condicións impostas ás entidades colaboradoras e beneficiarias con motivo da concesión da subvención.

e.- Negativa do beneficiario ás actuacións de control establecidas polo Concello para comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

f.- Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 4 do artigo 18 da Lei 38/2003

g.- Incumprimento das obrigas impostas polo Concello aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de eles se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais ou doutros distintos dos anteriores ... (xenérico .- art. 37.3 e 33.g.)

Para a determinación da contía a reintegrar, total ou parcialmente, atenderase aos principios de proporcionalidade e equidade, segundo as circunstancias do caso concreto.

A resolución pola que se esixa o reintegro ditarase polo mesmo órgano que concedeu a subvención seguindo o procedemento establecido no artigo 10 da Ordenanza, no 42 da Lei 38/2003, e no 37 e seguintes da Lei 9/2007.

Décimo segunda.- Réxime sancionador:

Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido nos artigos 50 a 68 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, en canto non contradigan o disposto para estes efectos establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

A imposición da sanción será independente da obriga de reintegro da cantidade indebidamente recibida, e imponse polo mesmo órgano que concedeu a subvención.

Décimo terceira.- Contía e pagamento:

O pagamento realizarase con carácter xeral coa xustificación previa da realización da actividade, e sempre que foran xustificadas as subvencións outorgadas con anterioridade, se acredite estar ao corrente das obrigas coa Facenda Pública e a Seguridade Social así como coa Facenda Local. Poderán realizarse pagamentos fraccionados do 50% cando así se contemple na convocatoria e na forma prevista nesta.

O pagamento da subvención farase mediante transferencia á conta bancaria reflectida na solicitude.

O importe da subvención non poderá ser superior, en ningún caso, ao 100% do importe dos xustificantes de gastos debidamente acreditados no programa ou actuación a desenvolver polo beneficiario. A convocatoria establecerá tanto as contías como as partidas orzamentarias, que con carácter xeral será o crédito existente nas partidas destinadas no orzamento xeral para este efecto.

Décimo cuarta.- Resolución e recursos:

A Xunta de Goberno Local acordará a concesión ou denegación das subvencións, a proposta do órgano instrutor, co informe previo do Padroado de Deportes segundo o procedemento establecido na Lei 38/2003, xeral de subvencións, Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e Ordenanza reguladora da concesión de subvencións e axudas públicas do Concello de Narón.

Contra o acordo que adopte cabe interpoñer un recurso de reposición no prazo dun mes ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnado directamente ante a Orde Xurisdiccional Contencioso-administrativa no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación da resolución.

Décimo quinta.- Regulación supletoria.

En todo o non previsto nas presentes bases, a concesión destas subvencións regularase polo disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, regulamento que a desenvolve, Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, así como pola Ordenanza reguladora das subvencións e axudas públicas do Concello de Narón.

Décimo sexta.- Disposición final e derogatoria

As presentes bases entrarán en vigor coa súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, supoñendo a anulación de calquera outra anterior, e permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa polo Concello.

Narón, 08 de Maio de 2012

O ALCALDE

José Manuel Blanco Suárez